



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha praza de inspector do corpo da policía local (OEP 2022 Ordinaria)*

#### ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda de Promoción Interna, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de Inspector do corpo da Policía Local incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2024/E001/000021 – INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL. FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Por Resolución da Alcaldía núm. 833/2025, do 21/03/2025, aprobáronse as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda de promoción interna, dunha (1) praza de Inspector do corpo da Policía Local (grupo A, subgrupo A2), da escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Policía Local, da escala Executiva, categoría Inspector, incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación das mesmas no BOP de A Coruña núm. 59 do 27/03/2025. Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo no DOG núm. 79 do 25/04/2025. Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo no BOE núm. 109, do 06/05/2025, establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE. Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 03/06/2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Resolución da Alcaldía núm. 1877/2025, do 02/07/2025, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de Inspector do corpo da Policía Local incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, examinada a documentación que acompaña ao expediente, non habendo persoas excluídas, nin persoas que teñan que realizar emendas á solicitude inicial, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Sétima (Admisión de aspirantes) e na base Oitava (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda de promoción interna, mediante o sistema de **concurso-oposición**, dunha (1) praza de **Inspector do corpo da Policía Local** (grupo A, subgrupo A2; escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Policía Local; escala Executiva, categoría Inspector) incluída na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

| Nº | APELIDOS         | NOME       | DNI       | Motivos Exclusión | CELGA |
|----|------------------|------------|-----------|-------------------|-------|
| 1  | CANCELA GONZALEZ | PEDRO JOSE | ***2744** | -                 | SI    |

Excluídos/as:

Non hai.

**Segundo.-** Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Oitava da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

**Presidenta:**

**Títular:** D<sup>a</sup>. **Carmen del Río Rodríguez**  
Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo

**Suplente:** D<sup>a</sup>. **Ana María Prieto Martínez**  
Vice-Interventora do Concello de Carballo

**Vogal 1:**

**Títular:** D. **José Francisco García Rodríguez**  
Inspector Principal da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela

**Suplente:** D. **José Manuel Álvarez López**  
Inspector Principal da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela

**Vogal 2:**

**Títular:** D. **José Manuel Rico Rodríguez**  
Intendente da Policía Local do Concello de A Coruña

**Suplente:** D<sup>a</sup>. **María Barrera Aldemira**  
Intendente da Policía Local do Concello de Ourense

**Vogal 3:**

**Títular:** D. **Daniel Sánchez Villaverde**  
Intendente da Policía Local do Concello de Arteixo

**Suplente:** D<sup>a</sup>. **Diana Parente Pampín**  
Inspectora da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela

**Secretaria:**

**Títular:** D<sup>a</sup>. **Marina Núñez Orjales**  
Secretaría Xeral do Concello de Carballo

**Suplente:** D<sup>a</sup>. **María Irache Enríquez Albaina**  
Interventora do Concello de Carballo

**Terceiro.-** Segundo ao indicado na Base Oitava da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar a tódolos membros do tribunal para a sesión constitutiva e de **baremación de méritos da fase de concurso** que terá lugar o vindeiro **16 de xullo do 2025 ás 10.00 horas**, na Sala de Xuntas, sita na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

**Quinto.-** Convocar as persoas aspirantes para a realización do **primeiro exercicio da fase de oposición, PROBA TIPO TEST**, que terá lugar o vindeiro **22 de xullo do 2025 ás 12.00 horas**, no Salón de Plenos, sito na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

**Sexto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).»

En Carballo, 3 de xullo de 2025

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2025/4457